




COMO ACTUAR ANTE A SOSPEITA DE INFECCIÓN POR CORONAVIRUS NUN CENTRO ESCOLAR





Tanto os alumnos/as, como o persoal docente, persoal non docente e os conviventes deberán **realizar diariamente a "Enquisa de autoavaliación clínica do Covid-19"**, na que se valoran os síntomas que se presentan con maior frecuencia na Covid-19:

- | | | |
|---|--|---|
| <input type="checkbox"/> Febre maior 37,5°C | <input type="checkbox"/> Fatiga severa | <input type="checkbox"/> Falta de olfacto |
| <input type="checkbox"/> Tose seca | <input type="checkbox"/> Cansazo | <input type="checkbox"/> Falta de gusto |
| <input type="checkbox"/> Dificultade respiratoria | <input type="checkbox"/> Dor muscular | <input type="checkbox"/> Diarrea |

De presentar calquera destes síntomas:

1. **Non deberán acudir ao centro educativo**
2. Facer **illamento domiciliario de forma obrigatoria** durante o tempo indicado polo persoal sanitario.
3. Poñeranse inmediatamente en contacto co seu centro de saúde para solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua, ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía severa. Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.
4. Tamén teñen a obriga de comunicarllo ao "Equipo COVID do centro educativo" chamando ao centro ao teléfono (881960480). Compre salientar que se algún membro da unidade familiar do neno ou nena tivera síntomas ata que por PCR sexa descartado o caso, o alumno/a non acudirá o centro educativo
5. Para documentar as faltas: para documentar a ausencia polo illamento, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co **xustificante dos/as pais/nais ou titores/as legais**. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de **xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar**. Compre salientar que se algún membro da unidade familiar do neno ou nena tivera síntomas ata que por PCR sexa descartado o caso, o alumno/a non acudirá o centro educativo.

IMPORTANTE:

Non asistirán o centro aqueles estudantes, docentes e outro persoal que teñan síntomas compatibles con COVID-19 ata ter o resultado do diagnóstico, así como aquelas persoas as que se lles haxa indicado illamento ou corentena